




OS LUGARES DE INTERESE XEOLÓXICO DA RBTGX

14. BALNEARIO DE LOBIOS



COORDENADAS XEOGRÁFICAS

X 574170 Y 4634800



Estamos diante dun punto de interese xeolóxico chamado Balneario de Lobios pertencente á ruta xeolóxica do "Parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés". Aínda que este punto non se atopa dentro dos límites do parque natural inclúese nesta guía dada a súa importancia.

A rocha que atopamos na zona e no canle do río é o granito Lobios, un granito de gran groso, o que o fai formar birlos grandes e con grandes cristais de feldespato branco, por iso se di que presenta textura no "dente do cabalo".

Nas inmediacións do balneario pódese atopar granito episienitizado, tinguido de rosa ou vermello pola acción de fluídos a alta temperatura que fixeron perder o cuarzo e enriquecerse en feldespatos.

Nesta zona, o río Caldo segue unha falla no terreo que ten unha dirección case norte-sur. Por esta razón, o río ten un curso tan recto dende o seu nacemento, preto de Portela de Home, ata este punto e xera varias "corgas", ou barrancos, de gran beleza. Destaca a presenza de varias augas termais que xorden de máis de 70°C de temperatura e rica en bicarbonato, sodio e cloro.